



ACTA 2020

XIV PREMIO CLARA CAMPOAMOR Á IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Sendo ás 13:10 horas do luns día 17 de febreiro de 2020, nas dependencias da Concellaría de Igualdade, sita na r/Ensino, núm. 24, reúnen as persoas integrantes do xurado encargadas de outorgar o *XIV Premio Clara Campoamor á Igualdade de Oportunidades*, e que a continuación se relacionan: D^a Eugenia Díaz Abella, concelleira de Igualdade, D^a M^a Elena De Jesús Rodríguez, directora do CIMM, D^a María Cabanelas Álvarez, en representación do Consello Municipal da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes, D. Ramón Salvador Álvarez Álvarez, en representación da Comisión de Investigación e Seguemento da violencia exercida contra as mulleres, Dna. Leonor Sola Fernández, en representación do ámbito sociocultural e D^a. M^a Jesús Vázquez Fernández, xefa de negociado da Concellaría de Igualdade, actuando como secretaria.

Examinadas as propostas presentadas e os méritos aducidos das persoas e institucións merecedoras do premio, o xurado acorda por unanimidade conceder o *XIV Premio Clara Campoamor á igualdade de oportunidades* a dúas propostas presentadas, unha por parte da Asociación Veciñal Limiar, a Dna. M^a Antonia Rilo Veiga polo seu relevante traballo, desde a esfera pública e privada na defensa dos dereitos das mulleres e a loita pola igualdade de xénero, sendo impulsora do Primeiro Plan de Igualdade e da Comisión de Seguimento da Violencia de Xénero, entre outros moitos méritos, e á proposta presenta pola Concellaría de Igualdade, á *Rede Galega contra a Trata*, por ser un instrumento de intervención e coordinación entre as asociacións e persoas integrantes da rede, a sensibilización dos axentes sociais implicados nesta problemática, así como por ser unha plataforma asemblearia de denuncia e incidencia política na loita contra a trata de persoas, principalmente con fins sexuais e laborais e maioritariamente mulleres e nenas e nenos.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 15:40 h do que dou testemuño no lugar e data sinalados no encabezamento, asinando todas as presentes na devandita acta en proba de conformidade.